
Araceli Filgueira presenta en Vigo a súa tradución ao galego do 'Santo Rosario'

PONTEVEDRA. A Casa do Libro de Vigo acollerá mañá mércores (20.00 horas) a presentación da tradución ao galego do libro de Escrivá de Balaguer 'Santo Rosario'.

O traballo foi realizado pola pontevedresa Araceli Filgueira para a editorial Follas Novas e a publicación conta cun debuxo de Castelao da Virxe do Portal, que se converva no Museo de Pontevedra.

Así mesmo, a obra inclúe fotografías de imaxes ou cadros de igrexas das catro provincias galegas.

Josemaría Escrivá de Balaguer, fundador do Opus Dei, escribiu o libro en 1931. Ata 2013 publicáronse máis de cen edicións de 'Santo Rosario', que foi traducido por 25 idiomas.

Escrivá estivo en Galicia en diversas ocasións. A primeira foi en 1938, cando gañou o Xubileo do Ano Santo.